



NORMAS E PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN DO PROGRAMA “CONCILIA VERÁN 2021”

Unha vez formalizada a matrícula deberán incorporarse á actividade nos prazos e horarios establecidos no centro seleccionado onde os monitores e monitoras farán unha reunión informativa ás 9.00h o primeiro día de cada quincena.

◦ **Protocolo de recepción de menores:**

(É obrigatorio traer máscara para a realización de todas as actividades).

- Toma da temperatura.
- Desinfección de mans.

• **Protocolo de despedida de menores:**

- Informar de posibles incidencias.
- Desinfección de mans.
- Identificación do adulto que recolla ao menor (deberá ser algunha das persoas que figuran como autorizadas na folla de matrícula)

• **Medidas de seguridade durante as actividades:**

1. Lavado de mans antes e despois de merendar, de ir ao baño e de realizar actividades que requiran contacto con compañeiros/as ou monitores/as.
2. Separación por grupos para evitar que se mesturen.
3. Os espazos de traballo e xogo estarán hixienizados diariamente e, se son pechados, deberán estar o mais ventilados posible.
4. Unha vez rematada a actividade, o/a monitor/a designado/a procederá á desinfección dos materiais de traballo e de xogo con produtos homologados, non podendo ser empregados por outro grupo ata que se realice esta desinfección.
5. En ningún momento, se poderá compartir comida entre usuarios e, ao rematar de comer, cada neno e nena botará no lixo, recollerá a súa propia mochila ou neveira e lavará as mans. (En todo momento os/as monitores/as estarán presentes para controlar que este proceso se leve a cabo coas garantías de hixiene e distanciamento procedentes).

• **As persoas participantes nos campamentos están obrigadas a:**

1. Asistir ás actividades do programa “Concilia verán 2021” e cumprir con todas as medidas ditadas polas autoridades sanitarias.
2. A respectar as normas establecidas polos monitores e monitoras de cada centro, así como as de réxime interno das instalacións onde se desenvolva.
3. A notificar previamente as faltas de asistencia e xustificalas.



RECOMENDACIÓNS:

📖 Roupa e calzado cómodo, protección solar aplicada previamente na casa, gorra, auga e merenda para a media mañá.

📖 No caso de actividades de auga: toalla de praia, bañador e outro calzado.

📖 Non se permiten aparellos electrónicos.*

* A organización non se responsabiliza de extravíos, roubos ou deterioro.

Prevención da COVID-19

📖 Indícase ás familias que non poden acudir ao centro os nenos/as con síntomas compatibles coa COVID-19 ou diagnosticados de COVID-19, ou que se atopen en período de corentena domiciliaria. Para isto, as familias vixiarán o estado de saúde e realizarán toma de temperatura todos os días antes de saír da casa para ir ao centro. Si o neno ou nena tivera febre ou síntomas compatibles coa COVID-19 non deberá asistir as actividades, debendo chamar ao seu centro de saúde e avisando aos seus monitores.

📖 Os nenos ou as nenas que presenten condicións de saúde que os faga máis vulnerables para a COVID-19 (como, por exemplo, enfermidades cardiovasculares, diabetes, enfermidades pulmonares crónicas, cancro, inmunodepresión ou hipertensión arterial), poderán acudir ao centro, sempre que a súa condición clínica estea controlada e o permita, e mantendo medidas de protección de xeito rigoroso.

📖 Recoméndase evitar as aglomeracións. As familias só poderán entrar ao centro no caso de necesidade ou indicación do monitor ou monitora ou da coordinación, cumprindo sempre as medidas de prevención e hixiene.

📖 Limitarase ao máximo o transporte de obxectos entre as casas e os colexios (xoguetes, libros, ...) e o material dos centros non sairá do lugar onde se use.